



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica
A Coruña
tfn 981183969 / fax 981183697
coruna@cigtelefonica.com

BOLETÍN SINDICAL

**XUÑO DE
2005**

Nº 11

CONFLICTO EN PROFESIONAIS

Como xa sabedes, según se publicou no boletín sindical nº 10:

Os traballadores de Negocios e Profesionais de Madrid e Barcelona teñen decidido en Asemblea convocar un paro indefinido dunha hora semanal que empezou o día 21 de xuño reivindicando melloras nas súas condicións laborais, especialmente en todo o relativo a conciliación da vida laboral e familiar: redución de quendas partidas en favor das de mañá, formación suficiente e adecuada, supresión das escoitas, medidas para superar os resultados negativos no estudio de riscos psicosociais, etc. Existen dúas convocatorias estatais e unha do Comité de Barcelona para cubrir este paro

Na Coruña

A proposta de CIG celebráronse asembleas do Comité a finais de maio nas que se constatou que igual que nos outros centros existían motivos para a mobilización. Desde o Comité plantexouse un paro de 1 hora diaria na semana do 13 ó 17 de xuño, reivindicando fundamentalmente que se cumpriran os acordos da Mesa de Comercial respecto á porcentaxe de turnos e outras medidas tendentes a diminuír a presión á que estaban sometidos os traballadores.

Posteriormente, ó Pleno do Comité do día 3 de xuño, e debido ó compromiso que manifestaron ter alcanzado CC.OO. e UGT nunha reunión coa empresa (fora da Mesa de Comercial) acordou pospoñer dito paro. Neste Pleno rexeitouse a proposta de CIG de que se consultase nunha asemblea do Comité o parecer dos traballadores sobre a desconvocatoria.

Na Permanente do día 13/6/05, CC.OO. propón de novo un paro de iguais características que o anterior na semana do 27/6 ó 1/7, introducindo nas reivindicacións como primeiro punto cambiar a actitude de prepotencia da Xefatura e da Xerencia nos seu trato cos traballadores e cos seus representantes. Ante esta nova convocatoria a CIG defende que está de acordo sempre que se consulte cos traballadores afectados en Asemblea e estes o decidan así. Nesta ocasión si aceptan as asembleas do Comité.

Con data 16/6/2005 presentase ante a subdelegación do Goberno, unha convocatoria de folga para Negocios e Profesionais de A Coruña de 1 hora de duración os días 27,28,29,30 de Xuño e 1 de Xullo.

Na asemblea do Comité cos traballadores de Profesionais da Coruña do xoves 23 votouse desconvocar a folga que tiña convocada o Comité de empresa, en base ós compromisos adquiridos pola empresa. Só houbo 3 votos a favor de continuar a folga e 4 abstencións; posteriormente produciuse unha reunión da empresa co Comité de folga no que estaba un representante da CIG e na que se asinou un acordo de desconvocatoria.

Na reunión celebrada o 23/6/2005 entre a Empresa e o comité de folga, asinase o acordo polo que se desconvoca a folga como decidiran pola mañá os traballadores en asemblea.

O pequeno avance que podía supoñer este acordo, vese gravemente desvirtuado polos expedientes abertos (dos cales non tiñamos coñecemento no momento de firmar o acordo) ós membros do Comités de Folga da convocatoria estatal, concretamente en Coruña a un técnico de vendas e a unha ASC, o cal deixa en entredito o compromiso da empresa por adoptar medidas que melloren o clima laboral e que formaba parte do acordo de desconvocatoria.

Queremos mostrar a nosa solidariedade cos compañeiros expedientados, actuación empresarial que consideramos inxustificada desde un punto de vista legal e que entendemos que ten como único obxectivo amedrentar ós traballadores para que non secunden os paros convocados.

A empresa intenta evitar que os traballadores sobrepasen as canles que ela poida controlar na defensa dos seus intereses, e todos nós debemos ser solidarios ante unha inxustiza como é a de expedientar a quen forma parte dun Comité de folga que a empresa considera arbitrariamente como folga ilegal, pero que non foi declarada como tal por ningunha instancia laboral ou xudicial competente na materia.

A Constitución Europea.

A situación actual na U.E. no referente ao tratado constitucional está motivado polo resultado dos referendos celebrados no Estado Español, Francia e Holanda e que convén analizar un pouco polo miúdo. A primeira das consultas, a do Estado Español celebrase nun contexto cando menos estraño: non se produce debate porque os dous grandes partidos PP e PSOE, os dous sindicatos maioritarios no Estado CC.OO. e UXT, a CEOE... etc fan campaña polo SI. Esta desigual campaña e a postura de estes sectores nos que en lugar de debater sobre o tratado se limitan a tachar de antieuropeos aos que defendemos o NON fai que o resultado sexa o que logo se deu: Ampla maioría do SI pero cunha participación ridícula nun estado democrático.

En Francia a situación foi moi distinta, a practica totalidade dos sindicatos obreiros e agrarios, a esquerda política (o PC e un grande sector do PS), e multitude de movementos sociais, fan campaña polo NON. Isto propicia que exista un autentico debate na cidadanía e o resultado foi o que coñecemos: gaña o NON con cotas impensables antes do debate e cunha participación elevadísima.

A terceira consulta prodúcese poucos días despois en Holanda e volta a gañar o NON cun resultado mais amplo aínda.

Ante estes resultados aparecen na U.E. posturas que nos deberían preocupar: por un lado están os que opinan que para evitar que o tratado corra perigo convén non realizar consultas e que sexa ratificado polos congresos dos respectivos países e por riba transmítese a impresión de que a posibilidade de que o tratado non sexa ratificado nunca se contemplou. Que tipo de democracia estamos a construír se pretendemos impedirle a participación a cidadanía e aínda cando lle preguntamos non temos alternativa para unha das posibles respostas ?.

A esquerda, os sindicatos e os movementos cidadáns que non estamos de acordo co texto elaborado pola dereita Europea debemos facer un esforzo para transmitir a idea de que outra Europa e posible, unha Europa mais plural, mais democrática e mais social, lonxe de ver esta etapa con angustia debemos observala con esperanza.

CNAI-CSOE

Ante a imposibilidade de conformar este Centro na Coruña como estaba previsto inicialmente, con 30 OTPI, 5 EPI e 8 Técnicos, a empresa intenta unha nova configuración: 24 OTPI, 5 EPI e 14 Técnicos.

Para que isto se cumpra, a pesares da reestructuración de 3 OTPI do SIVETER, e contando cos 5 que xa teñen concedido o traslado (o sexto vai ir para o CSD) aínda faltan 2 OTPI.

Para conseguir os 12 técnicos novos, contando que do anterior concurso de traslados veñen 4 (un deles tardará en incorporarse) requiren que veñan 9 técnicos máis, para o que van sacar un novo concurso de traslados que teñen previsto se publique o 1 de xullo.

Ante a nosa preocupación de se cos 24 OTPI ían ser suficientes e da frecuencia que ían ter nas gardas, a empresa informa que si ía ser suficiente, xusto pero suficiente, cos 24 OTPI e que as quendas serían para os OTPI de 7 de mañá, 7 de tarde e 3 de noite, e que as gardas serían cubertas por 2 de mañá, 2 de tarde e 2 de noite. En condicións normais, a frecuencia de gardas sería cada 4 semanas.

A CIG reivindicamos á empresa como unha solución tanto para as carencias actuais como para as futuras que se fixera unha convocatoria para OTPI dirixida ós OAPS e/ou que se fixera unha para alleos.

SIVETER

No anterior boletín recollíase a sorpresa de CIG porque habendo necesidade de OTPI no CNAI-CSOE e sendo esa a xustificación que alegaba a empresa para facer a reestructuración de 3 OTPI do SIVETER, os outros dous quedábanse nesta unidade. Non habendo outras explicacións por parte de RR.HH. o que deixaran a estes dous OTPI producíanos desconfianza pois os obxectivos de persoal do CNAI-CSOE seguían moi lonxe de alcanzarse.

Posteriormente e como consecuencia de estar falando con un dos dous OTPI que quedaron no SIVETER que nos manifestou o seu disgusto porque do texto se podía desprender que existira algún tipo de privilexio para eles, cousa que non era certa, falamos con un responsable da empresa como fora a solución de 3 si e 2 non.

A razón parece ser que estivo en que sen os 5 OTPI o SIVETER non tería viabilidade.

Sendo por este motivo e si nos fora comunicado ou falado, a CIG nunca houbera manifestado sorpresa ou desconfianza, pois estamos por defender que toda a actividade posible se traia ou se quede en Coruña. Eso si, coa dotación de persoal suficiente para que o traballo sexa levadeiro e non motivo de estrés ou enfermidade.

Queremos, desde estas mesmas páxinas, pedir desculpas os compañeiros que puideran sentirse inxustamente tratados. En todo caso a razón fundamental foi a falla de explicacións da empresa ó realizar unha reestructuración parcial que non era suficiente para cubrir as necesidades que a xustificaban.

CURIOSIDADES DA HISTORIA

O Tribuno romano

A data tradicional da fundación de Roma é o ano 753 a.C.

Roma tivo un goberno de sete Reis, mais non era unha monarquía absoluta, estaban asesorados por unha asemblea dos cen representantes máis vellos das familias máis poderosas. Era o Senado, dunha palabra latina que significa "anciano". O Senado representaba unha especie de pai respecto ó resto do pobo romano, por iso eran chamados **Patricios**, dunha palabra latina que significa "pai".

Os recién chegados á cidade non estaban en pé de igualdade coas vellas familias , eran os **Plebeos** que significaba "xente común".

O derradeiro rei ,fíxoo tan mal ,que foi expulsado e instaurouse a República (509 a.C.).Para evitar abusos de poder, creouse un goberno de dous Cónsules, é dicir, ambos debían consultarse para emprender calquera acción.

Isto non evitou leis abusivas sobre os plebeos, que decidiron abandonar Roma. Os patricios non podían permitir semellante perda de poboación e negociaron.

Os plebeos terían funcionarios propios ,escollidos por eles e que só responderían ante eles, podían vetar calquera lei que aprobasen os patricios, se a consideraban lesiva para os seus intereses.

Estes homes eran os **Tribunos**, nome dado orixinalmente ós xefes dunha tribo.

Ano 2004 d.C. : A vivenda polas nubes, hipotecas ata 30 anos, contratos lixo, abaratamento do despido, desregulamento laboral, recortes sociais... todo elo con consentimento, por activa e por pasiva, dos partidos patricios.

Tal vez sexa hora de instaurar na política a vella figura do Tribuno Romano.

Luís Piñeiro.

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

AFÍLIATE Á CIG, POLO TEU INTERESE.

.....
..

BOLETÍN DE AFILIACIÓN

Nome e Apellidos _____ Matrícula _____

Categoría _____ Unidade de Trabajo _____ Localidade _____

___ Domiciliación das cotas por banco

___ Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, C/ Miguel Server: Edif-Central de Hércules.

correo : coruna@cigtelefonica.com